

## BANDO INFORMATIVO

### SAIDA E DESPRAZAMENTOS DA POBOACIÓN INFANTIL

En relación coa Orde do Ministerio de Sanidade SND/370/2020, de 25 de abril, sobre as condicións nas que deben desenvolverse os desprazamentos por parte da poboación infantil durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, esta Alcaldía

#### INFORMA

**PRIMEIRO.** Os **nenos e nenas menores de 14 anos**, xunto cun adulto responsable, **están autorizados para circular polas vías ou espazos de uso público**, incluídos os **espazos naturais e zonas verdes autorizadas**. Os **parques públicos e instalacións deportivas de Viana permanecerán pechados**.

A **persoa adulta responsable** debe ser un maior de idade que conviva no mesmo domicilio que o menor, ou empregado do fogar encargado do menor. Cando o adulto responsable sexa unha persoa diferente aos proxenitores, titores, curadores, acolletores ou gardas legais ou de feito, deberá contarse cunha autorización previa de estes.

É responsabilidade do adulto acompañante garantir o cumprimento durante o paseo diario das medidas para evitar contaxios.

**SEGUNDO.** A circulación queda limitada á **realización dun paseo diario**, de máximo **1 hora de duración** e a unha distancia non superior a **1 kilómetro** respecto ó domicilio do menor, **entre as 9:00 e as 21:00 horas**. O grupo pode estar formado por, como **máximo 1 adulto e 3 nenos**, mantendo unha **distancia interpersoal de canto menos dous metros** e cumprir coas medidas de prevención indicadas polas autoridades sanitarias.

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 26 de abril de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.  
Asinado dixitalmente á marxe.